



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
22.04.2020

LUGAR: Aula virtual: Sala 24 Reitoría – Consello Social -1
DATA: 22.04.2020
HORA DE COMEZO: 11:30
HORA DE REMATE: 14:15

LISTA DE PARTICIPANTES

D. Ernesto Pedrosa Silva
D. Manuel Joaquín Reigosa Roger
D. Miguel Ángel Michinel Álvarez
D^a Raquel María Souto García
D. José María Martín Moreno
D. Xoán Cebro Rodríguez
D. Daniel Couto Cancela
D. Xosé Manuel Atanes Limia
D. Jesús Graña Nogueiras
D^a María Elvira Larriba Leira
D^a Natalia Zunzunegui Garrido
D^a Marta Iglesias Bueno
D^a María Elena Añel Cabanelas
D. Emilio Fernández Zunzunegui
D. Manuel González Piñeiro
D. Javier Garrido Valenzuela
D. Juan Manuel Piñeiro Rivas
D^a Rosa María Sánchez Gándara
D. Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa
D. Xulio Calviño Rodríguez
D^a Yolanda López Fernández
D. Antonio Macho Senra
D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo
D. Francisco Gustavo Izquierdo Martínez
D^a María Gloria Blanco Rial
D^a Mercedes Castro Mouzo

ESCUSAN PARTICIPACIÓN

D. José Manuel Figueroa Vila
D. José María Franco García

NON PARTICIPARON

D. Daniel Barata Quintas
D. César Blanco Gómez
D. Francisco Javier Casares Mouriño

SECRETARIO

D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O mércores, 22 de abril de 2020, ás 11:30 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (27.12.2019).
2. Informe do presidente.
3. Informe do reitor.
4. Calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de títulos de Grao, Máster e Doutoramento para o curso 2021/2022. (C.G. 22.01.2020).
5. Informe sobre as solicitudes de Graos Abertos para o curso 2020/2021. (C.G. 24.03.2020).
6. Informe sobre as declaracións de interese de novas titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2021/2022.
<https://www.uvigo.gal/es/estudiar/que-estudiar/implantacion-modificacion-titulaciones>
7. Informe sobre as declaracións de interese de modificación de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2021/2022.
<https://www.uvigo.gal/es/estudiar/que-estudiar/implantacion-modificacion-titulaciones>
8. Aprobación, se procede, dos prezos das residencias universitarias para o curso 2020-2021. (G.G. 24.03.2020).

Propostas, con informe favorable, acordos e informes da Comisión Económica (sesión do 28 de febreiro de 2020).

9. Liquidación do orzamento de 2019 da UVigo. Carta de avance de auditoría, consonte Real Decreto-Lei 14/2012.
10. Solicitud de información respecto da situación económica e solvencia da UVigo.
11. Aprobación definitiva da creación e da participación da UVigo no capital social da empresa "Blue Structure" (Consello de Goberno do 22 de xaneiro de 2020).
12. Aprobación da participación da UVigo nas asociación "Infab Hub" e "Interval" (Consello de Goberno do 22 de xaneiro de 2020).
13. Control e seguimento da aplicación do Regulamento de xestión do patrimonio da UVigo respecto de doazóns menores e correntes, e control e seguimento da Normativa de xestión e dispensas de pago de espazos universitarios
14. Acordo sobre a asignación singular e individual de complementos a profesores, correspondentes á convocatoria de 2018 e consonte resolución da ACSUG.
15. Informe sobre a aplicación e aproveitamento das recomendacións da auditoría operativa sobre "Procedementos nos gastos en proxectos internacionais de cooperación educativa".
16. Convenios asinados pola UVigo en decembro de 2019 e xaneiro de 2020.



Propostas, con informe favorable, e acordos da Comisión de Actividades e Servizos (sesión do 18 de febreiro de 2020).

- 17.** Proposta de aprobación da distribución de axudas correspondentes á convocatoria aberta de Prácticums, promovida dende o Consello Social para fomentar prácticas preprofesionais.
- 18.** Proposta de aprobación, con carácter excepcional para 2020, da axuda precisa para o desenvolvemento de actividades propias do Observatorio de egresados.
- 19.** Outros acordos.
- 20.** Rogos e preguntas.

Dada a situación excepcional de confinamento que se está a vivir a causa do COVID-19, e ao abeiro do artigo 24.2) do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Social, celébrase este pleno de xeito virtual. Ao inicio da sesión, o presidente subliña que se trata do primeiro pleno telemático convocado por un Consello Social en Galicia, valora a elevada presenza dos membros conectados online, e comparte unhas indicacións básicas para procurar a maior axilidade no desenvolvemento da reunión e o mellor aproveitamento da operativa técnica, agradecendo a súa cooperación aos membros que anticiparon xa a súa intención de intervir en puntos do seu interese.

Ernesto Pedrosa agradece, así mesmo, a asistencia do vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, Manuel Ramos, e do director de Administración, Rodrigo Cerviño, para informar de asuntos das súas respectivas competencias.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (27.12.2019).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Pide Ernesto Pedrosa brevidade e concisión nas intervencións e, en consecuencia, anuncia tres breves reflexións que considera de importancia.

En primeiro lugar alude á proposta académica que se presenta, e coa que a UVigo revela a aposta por facilitar aos alumnos a elección da carreira que mellor responda aos seus intereses, para o que empezará a ofrecer Graos abertos, o primeiro o próximo curso 2020-2021 no Campus de Ourense. Esta opción axudará a escoller a titulación máis acaída e reducirá as taxas de abandono.

Un segundo asunto son as crónicas que egresados da UVigo residentes en distintas partes do mundo están enviando sobre a crise do COVID-19, como repercute nos seus traballos e nas súas empresas, como afecta a súa situación persoal e como se vive no país no que se atopan. É unha narración directa e en primeira persoa que amosa a fortaleza da rede de egresados e a súa experiencia directa nos cinco continentes, coa firma común da UVigo. "Este extraordinario traballo está promovido dende o Observatorio de egresados, e recoméndolles que o lean porque é una visión privilexiada e plural dos feitos, que revela unha máis das inmensas -e impensables polo que se ve- posibilidades desta rede de antigos alumnos que pacientemente están a tecer durante os últimos anos Luis Espada e Víctor Cacharrón, e que seguiremos apoiando".



E como terceiro gran tema apunta á gran incerteza que se está a vivir e a situación na que se atopa a universidade, súas inquietudes, seus mapas e as súas intencións. Con moitos frontes abertos e moitas interrogantes, especialmente por todo canto repercute no alumnado, na formación, na investigación, na docencia e nos servizos...e incluso se se poderá aproveitar para reconfigurar un novo papel central da universidade.

Dá conta das reunións mantidas polos Consellos Sociais na Consellería para analizar o novo escenario, e remata con tres mencións á Conferencia de Consellos Sociais de España, que ven de pedir ao ministro de Universidades que converta a educación superior nunha prioridade do Goberno, e que incremente os recursos para a ciencia e a investigación universitarias, "para crear riqueza y bienestar, salvar vidas e previr futuras pandemias". Tamén informa que a Conferencia ven de firmar un acordo coa Fundación ONCE e a Fundación CEOE para darlle pulo á presenza de mulleres con discapacidade en postos tecnolóxicos.

Por último reconece o esforzo de cantos asistiron a todas as reunións celebradas ao longo de 2019, así como a intención de quen o intentaron pero víronse imposibilitados de atender todas as convocatorias por causas insuperables. Transmite o pesar e a condolencia do Consello Social polo pasamento da muller de José María Franco.

PUNTO 3

Informe do reitor.

Principia o reitor una detallada exposición da situación excepcional que se está a vivir na universidade, repasando os antecedentes e facendo una análise que inclúe as ferramentas postas a disposición do profesorado, as solucións implantadas para evitar a fenda dixital, a modificación das guías docentes, o avance da situación e as medidas dispostas e os custos estimados.

Subliña como primeira gran transformación o paso da docencia presencial á virtual, sinalando que o teletraballo era case anecdótico e estase a converter nunha opción real de cambio "para sacar no futuro un mellor partido aos nosos esforzos". Tras relatar a cronoloxía dos feitos, dende que o 12 de marzo decídese o peche da actividade docente, e o 14 establécese o estado de alarma, destaca a optimización da plataforma de teledocencia Fatic e a posta en funcionamento do Campus Remoto, con 1.600 aulas creadas, con elevados niveis de utilización e conexión, chegando a usar o Campus Remoto 860 docentes (o 64% do PDI), e contabilizándose o 16 de abril 122 mil accesos de estudantes e 18.000 accesos de docentes, ofrecendo ademais a posibilidade de gravar para o estudantado que non poida seguir as clases en directo. No caso da plataforma de teledocencia Fatic apunta que os cursos recollidos na aplicación empezaron en 2005/2006 con 478 materias, que chegaron a 3.644 no 2019/2020, e rexistrando un acceso de 48 mil conexións diarias na derradeira semana.

O reitor apunta que nese co-escenario os obxectivos do equipo de goberno eran pasar da docencia presencial á docencia en liña, ao igual que os exames nos que se primará a avaliación continua; tamén se determina manter as datas do curso académico -o que considera "moi importante para poder normalizar o vindeiro curso"-, non desvalorizar titulacións e manter a actividade mediante o teletraballo. Explica como se identificou o estudantado (o redor de 300) con problemas de conexión ou de carencia de ordenadores, e como se lles deu solución para evitar a fenda dixital, ao igual que a un pequeno número de PDI e PAS.

O 24 de marzo tiña lugar o primeiro Consello de goberno virtual, e a partires desa data sucédense as instrucións sobre organización das actividades docentes, normativas, disposición das diferentes instancias educativas estatais e autonómicas, xuntanzas, manuais e acordos aplicables. A Secretaría xeral de Universidades fixa o 15 de abril como data límite para poñer en marcha a docencia virtual, o que define o escenario sobre finalización das clases, mantemento das datas de exames, permitir lecturas de TFG e TFM en setembro e facer non presenciais os exames do segundo semestre.

Manuel Reigosa pormenoriza as xuntanzas co estudantado durante o proceso, e anuncia una próxima reunión dos tres reitores do SUG coa conselleira de Educación para definir una postura



conxunta sobre a finalización do presente curso académico e o inicio do seguinte, amosándose firme na postura de manter as datas inicialmente establecidas.

Finalmente informa das modificacións obrigadas polo paso á docencia virtual, e sobre as enquisas previstas para finais de abril sobre docencia non presencial tanto a alumnado como ao profesorado, e outras de avaliación docente dos alumnos cara ao profesorado. Tamén desenvolve una reflexión sobre os procesos de avaliación, e apela a aplicar a flexibilidade precisa para que a avaliación se corresponda á situación real. E pecha a intervención dando conta da implicación da UVigo en accións solidarias relacionadas co COVID-19, e unha primeira estimación dos custos extraordinarios, que se sitúan nos 411 mil euros, sobresaíndo as partidas dedicadas a dar conexión informática aos estudantes con carencias, a contribuír ao fondo Universia para a investigación e a crear bolsas para axudar a estudantes en situación de necesidade.

Pecha a exposición declarando a súa satisfacción pola resposta "magnífica" que está a dar nesta situación extraordinaria a UVigo, tanto do PDI como do PAS e o alumnado, e o seu compromiso "ao 100%" coa solución desta crise.

PUNTO 4

Calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de títulos de Grao, Máster e Doutoramento para o curso 2021/2022. (C.G. 22.01.2020).

Intervén o vicerreitor de Ordenación académica e Profesorado para explicar que este punto achégase coa antelación suficiente para poder pasar todos os procedementos de acreditación, e que o calendario é similar ao de anos anteriores, dándose por rematado en xullo co informe que deberá emitir o Consello Social. Pregunta Elena Añel polo Máster en Enxeñaría Aeroespacial en Ourense, que xa o ano pasado foi proposta para verificación, e as previsións sobre a súa implantación este ano, cuestión que considera importante porque a primeira promoción do Grao está a punto de saír e ese alumnado veríase moi prexudicado de non dispor do máster. Resposta o vicerreitor que o ano pasado seguíronse os prazos pero o informe previo da Xunta foi desfavorable ás dúas propostas que tiñan enriba da mesa, apuntando unha serie de condicións e requisitos que se deberían cumprir por parte dos centros de Vigo e Coruña. Engade que a competencia para facer as memorias é dos centros, e que deberán acadar un acordo sobre o plano de estudos e cumprir os requisitos establecidos como condición pola Consellería. Engade que se solicitaron prazos adicionais aos centros para facilitar e estender o prazo da negociación, pero que os responsables deberán facer un esforzo para que se poida implantar este ano porque están moi ao límite de tempo. Terza o reitor para ratificar a importancia de que a primeira promoción do Grao teña acceso a un Máster que os acolla, pero advirte dificultades para achar un acordo entre os centros das dúas universidades "que é obrigatorio pola decisión que tomou a Consellería, e temos que enviar una proposta acordada entre os centros, porque unha memoria propia non a podemos crear nós, non é cometido do equipo de goberno, senón fariámolo".

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 5

Informe sobre as solicitudes de Graos Abertos para o curso 2020/2021. (C.G. 24.03.2020).

Co exemplo do Grao aberto en Enxeñaría, a impartir no Campus de Ourense no curso 2020-2021, coa presenza das titulacións de Grao e Enxeñaría aeroespacial, Enxeñaría agraria e Enxeñaría informática, resalta Manuel Ramos o valor dos Graos abertos para facilitar a escolla dos alumnos que non teñen clara a carreira a estudar, e porque evitará os abandonos e cambios de estudos causados polo descoñecemento das titulacións elixidas. Aclara que o alumnado poderá combinar materias das titulacións participantes durante 90 créditos, tendo que decidirse pasado un ano e medio pola titulación que máis lle interese. A unha pregunta de Antonio Macho sobre si os titulados nestes Graos abertos van a cumprir os requisitos para desenvolver profesións reguladas que requiren uns mínimos,



e se unha titulación con 90 créditos xerais e 150 específicos os cumprirá, o vicerreitor explica o proceso e asegura que o alumnado sempre fará como mínimo os 240 créditos da titulación, e incluso algúns máis complementarios adicionais que fará o primeiro ano e medio.

- **O Pleno informa favorablemente.**

PUNTO 6

Informe sobre as declaracións de interese de novas titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2021/2022.

<https://www.uvigo.gal/es/estudiar/que-estudiar/implantacion-modificacion-titulaciones>

Manuel Ramos explica as declaracións de interese recibidas, no caso dos Graos son tres as novas propostas que foron informadas favorablemente (Relacións internacionais; Dual en Enxeñaría da automoción; e Filloxía aplicada Galega e Española) e a que recibiu informe desfavorable (Ciencia de Datos e Intelixencia Artificial).

En canto aos Máster, que son todos novos, foron informados favorablemente (Negocio dixital; Dereito da empresa; Creación artística contemporánea-Laboratorio de arte, forma e territorio; Formación de profesorado en Español como Lingua estranxeira (interuniversitario); e Sistemas aéreos non tripulados (interuniversitario).

E en Doutoramento son dúas as declaracións de interese de novas propostas (Matemáticas e aplicacións; e Envellecemento). Respecto a estes programas, destaca o vicerreitor que son de colaboración transfronteiriza entre as tres universidades galegas e as tres do norte de Portugal, co obxectivo, entre outros, de intentar algunha titulación interuniversitaria transfronteiriza.

Xan Cebro interésase por que en Forestais non hai un Máster específico que evite a marcha de alumnos que rematan o Grao. Manuel Ramos reflexiona que sen a implicación dos centros é difícil poñelos en marcha, se ben afirma que téntase fomentar e estimular iniciativas, e que neste caso concreto observa que hai certo movemento de apertura e disposición para colaborar.

- **O Pleno informa favorablemente.**

PUNTO 7

Informe sobre as declaracións de interese de modificación de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2021/2022.

<https://www.uvigo.gal/es/estudiar/que-estudiar/implantacion-modificacion-titulaciones>

Explica o vicerreitor de Ordenación académica e profesorado que as modificacións son todas elas de rango menor, porque de non ser así pasarían a novas. Precisa que se trata de facerlle recomendacións para que poidan seguir estando acreditadas. Puntualiza o presidente que no enunciado da documentación que se enviou aos membros di *novas* onde debería dicir *modificacións*. As declaracións de interese de modificacións recibidas engloba a sete Graos (Ciencias ambientais; Enxeñaría agraria; Tecnoloxía dos alimentos; Belas Artes; Bioloxía; Linguas estranxeiras; e Tradución e interpretación).

Os Máster son oito (en Finanzas; en Enxeñaría de Minas; en Comercio internacional; en Dirección de PEMES; en Dirección de Arte en Publicidade; en Tradución para a comunicación internacional MTCTI; en Ciencia e Tecnoloxía agroalimentaria e industrial; e en Enxeñaría informática). E os programas de Doutoramento, 4 (Tecnoloxías da información e as comunicacións; Auga, sostibilidade e desenvolvemento; Educación, Deporte e Saúde; e Ecosistemas terrestres, uso sostible e implicacións ambientais).

- **O Pleno informa favorablemente.**



PUNTO 8

Aprobación, se procede, dos prezos das residencias universitarias para o curso 2020-2021. (G.G. 24.03.2020).

Introduce o presidente este punto, remitido dende o Consello de goberno e acompañado dunha detallada información na que destaca que os prezos mensuais dos aloxamentos, situados no Campus de Vigo e no Campus de Ourense, só rexistran unha subida equivalente ao aumento do IPC.

- ***Apróbase por asentimento.***

Ernesto Pedrosa introduce os seguintes puntos, subliñando que todos eles chegan ao Pleno despois de seren informados de xeito favorable pola Comisión Económica.

PUNTO 9

Liquidación do orzamento de 2019 da UVigo. Carta de avance de auditoría, consonte Real Decreto-Lei 14/2012.

Toma a palabra o vicerreitor de Economía para facer unha breve exposición da liquidación provisional do orzamento -informada favorablemente na Comisión coa abstención de Manuel G. Piñeiro-. José M^a Martín Moreno explica que a situación económico-financeira da UVigo é saneada, cun remanente de Tesourería en positivo, polo que non cabe ningunha actuación preventiva do Consello Social, como tamén corrobora a Carta de avance de auditoría "que acredita o peche do exercicio en positivo" polo que non terá efectos no orzamento de 2020.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 10

Solicitud de información respecto da situación económica e solvencia da UVigo.

José M^a Martín Moreno volve a intervir para aportar os argumentos transmitidos e aceptados pola Comisión, coa abstención de Manuel G. Piñeiro, como resposta as declaracións públicas dun ex-vicepresidente económico da UVigo nas que lanzaba dúbidas sobre a xestión económica da institución e nas que lle atribúe un importante déficit. Tal e como se recolle na documentación que se achega, o vicerreitor aclara que se trata dunha mala interpretación dun desaxuste que é contable, non estrutural, derivado de como se contabilizan os ingresos dos proxectos captados polos investigadores, e que a Xunta é coñecedora de que a UVigo cumpre, ata o punto de "autorizarnos" a OPE e a masa salarial adicional, en 2019, "e iso é unha garantía de que facemos as cousas correctamente". Engade que este é un problema xeral, e que se están a facer xestións ante o Ministerio para que cambie o xeito de contabilizar eses ingresos, ademais de activar unha nova aplicación interna que aclare mellor eses apuntes contables. Por outra parte reitera que a Xunta ten información constante de todas as operacións que realiza a UVigo, e garante que "poucas universidades españolas" teñen una situación tan saneada e solvente.

Feitas dúas observacións, unha por parte de Xan Cebro cuestionando certas medidas do anterior equipo de goberno en relación co persoal, e de J. Manuel Vieites felicitando ao actual equipo de goberno polo equilibrio financeiro e rigor co que está a "facer as cousas", manifesta o Reitor que a xestión económica da UVigo é e foi sempre rigorosa e a súa situación é nestes momentos das mellores de España, paga en tempo e forma, non ten débeda, está invertendo correctamente e captando moitos recursos. Manuel Reigosa traslada "tranquilidade absoluta, porque a universidade está absolutamente saneada".

- ***O Pleno dáse por informado.***



PUNTO 11

Aprobación definitiva da creación e da participación da UVigo no capital social da empresa "Blue Structure" (Consello de Goberno do 22 de xaneiro de 2020).

Este punto recibiu informe favorable de inicio no Pleno que o Consello Social celebrou o 27 de decembro de 2019. Volve de novo para aprobación definitiva, despois de pasar polo Consello Social. Rodrigo Cerviño da conta dos aspectos principais e da implicación e contrapartidas da UVigo durante os seis anos de duración do contrato.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 12

Aprobación da participación da UVigo nas asociacións "Infab Hub" e "Interval" (Consello de Goberno do 22 de xaneiro de 2020).

Á vista da documentación que se achega, explica o vicerreitor de Economía as liñas básicas, obxectivos e condicións da participación da UVigo en ambas asociacións, que requirirán sendas cotas de 1.200 e 1.000 euros respectivamente.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 13

Control e seguimento da aplicación do Regulamento de xestión do patrimonio da UVigo respecto de doazóns menores e correntes, e control e seguimento da Normativa de xestión e dispensas de pago de espazos universitarios.

Á instancia da labor de seguimento e control periódico que se está a facer dende o Consello Social, informa Rodrigo Cerviño sobre a doazón recibida pola UVigo ata febreiro de 2020, e das 27 dispensas de pago concedidas polo uso de espazos universitarios nos tres Campus, marcadamente para actividades culturais e divulgativas, e cuxo listado se achega.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 14

Acordo sobre a asignación singular e individual de complementos a profesores, correspondentes á convocatoria de 2018 e consonte resolución da ACSUG.

Introduce este punto Ernesto Pedrosa, especificando o procedemento, os prazos e a verificación da documentación recibida consonte avaliación da ACSUG.

Pide a palabra Elena Añel e informa que a CIG presentou no seu momento un recurso contra a convocatoria do 14 de decembro de 2017 co que se conseguiu facer extensivo o dereito a percibir estes complementos ao profesorado contratado doutor interino. Porén, non foi así no caso dos axudantes, axudantes doutores, asociados ou colaboradores. Parece que se hai vontade por parte da Xunta pode chegarse a unha modificación do decreto para que poidan cobrar este complemento os colectivos referidos anteriormente. Neste punto solicita do Consello Social un posicionamento a favor da extensión dos complementos autonómicos a todo o PDI, que cumpra os requisitos de traballo a xornada completa durante todo o ano, e valoración positiva da ACSUG amparando así ao profesorado colaborador, asociado, axudante e axudante doutor que se vexa afectado por esta norma.

Resposta o presidente que se toma en consideración a proposta para estudo, e se dará resposta oportunamente.

- ***O Pleno ratifica a asignación de complementos.***



PUNTO 15

Informe sobre a aplicación e aproveitamento das recomendacións da auditoría operativa sobre "Procedementos nos gastos en proxectos internacionais de cooperación educativa".

De novo o director de Administración, Rodrigo Cerviño, intervéñ para informar dos pasos que se están a dar e das reunións mantidas sobre este asunto. Resume que a ferramenta que se aplicará está practicamente definida co responsable da área TIC, prevéndose que estea operativa a partir do segundo semestre de 2020.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 16

Convenios asinados pola UVigo en decembro de 2019 e xaneiro de 2020.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 17

Proposta de aprobación da distribución de axudas correspondentes á convocatoria aberta de Prácticums, promovida dende o Consello Social para fomentar prácticas preprofesionais.

Resume o presidente os datos máis básicos da convocatoria, os criterios seguidos para o reparto das asignacións e a implantación dun novo procedemento para a tramitación dos pagos, seguindo o programa de pedidos da UVigo. Ernesto Pedrosa salienta que se presentaron doce solicitudes, das que sete proceden de centros do Campus de Vigo, tres do de Ourense e dúas do Campus de Pontevedra.

- ***O Pleno ratifica a aprobación.***

PUNTO 18

Proposta de aprobación, con carácter excepcional para 2020, da axuda precisa para o desenvolvemento de actividades propias do Observatorio de egresados.

Consonte a documentación que se achega e o resumo da proposta co informe favorable da Comisión, ao que dá lectura o presidente, infórmase aos presentes da renovación da colaboración do Consello Social co Observatorio de egresados, xa de xeito excepcional durante este ano, para facilitar o proceso final de integración do Observatorio na estrutura da UVigo, para o que se efectuará una aportación de 24.000 euros.

- ***O Pleno ratifica a proposta da Comisión.***

PUNTO 19

Outros acordos.

Os membros reciben un resumo dos acordos sobre axudas e patrocinios aprobados pola Comisión de Actividades e Servizos, entre eles se inclúe a renovación do mantemento da web do Consello Social, a información sobre a organización en Ourense do encontro anual de secretarios dos Consellos Sociais de España, e as conclusións do Barómetro de empregabilidade da UVigo, promovido polo Consello Social para coñecer a relación entre as respostas e valoración dos estudantes e as dos empregadores en relación coa empregabilidade.

- ***O Pleno dáse por informado.***



PUNTO 20

Rogos e preguntas.

Neste punto sucédense unha serie de intervencións e manifestacións a través do chat transmitindo felicitacións e parabéns ao equipo de goberno polo seu "magnífico" traballo, polas medidas que están tomando, por non desvirtuar as titulacións, pola xestión durante a crise, e por como se está intentando salvar o curso e por poder retornar á normalidade canto antes, extensivo a toda a comunidade universitaria ao completo (PAS, en concreto, PDI e estudantado) polo seu extraordinario comportamento. Subscriben esta posición, entre outros Xan Cebro, Juan M. Vieites, Javier Garrido, Emilio Zunzunegui, Xulio Calviño, Juan M. Piñeiro, Ana Isabel Vázquez, Marta Iglesias, Gloria Blanco, Jesús Graña e Antonio Macho.

O reitor, en distinta intervención, amosa o seu agradecemento; afirma que todo o equipo está a traballar "arreo", se ben declara sentirse "orgullosa" de toda a comunidade; apunta que os exames presenciais serán o último en normalizarse polo risco que comportan os grandes grupos; que está xa preparado o protocolo de volta ao traballo para investigadores e servizos, e que "tan pronto se poida, volveremos". Finalmente, a unha preocupación de Xosé M. Atanes sobre o temor de que as circunstancias convertan aos titulados este curso nunha promoción estigmatizada e que o mercado de traballo os infravalore e lles dea menos oportunidades polas distorsións que sofren neste final de curso, o reitor resposta que si lle preocupa ese risco de que se poidan desvalorizar os títulos, pero que debe quedar claro que a Uvigo segue ca docencia ata o final e fará exames ca mesma esixencia que nun curso normal, "para que os egresados teñan a calidade suficiente" para acceder ao mercado de traballo e non teñan esa lenda negra.

Ernesto Pedrosa pon o punto final a sesión, sumándose aos parabéns á comunidade universitaria, que fai extensivas ao equipo que está a dar soporte técnico á sesión, así como ao persoal e aos membros do Consello Social polo compromiso e responsabilidade que amosan nas actuais circunstancias.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:15 horas do 22 de abril de 2020, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias